

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 27 Agosto 2015 10:34



Xogadores, adestradores e directivos da Agrupación Deportiva Vincios de Tenis Mesa recibiron o súa cota de auga xeadada, para así cumprir [co reto que acompaña os donativos á campaña](#) d e apoio á investigación da Esclerosis Lateral Amiotrófica (ELA).

Nas instalacións do IES Terra de Turonio, o pasado martes fixeron público o seu apoio con esta campaña que percorre o territorio en apoio á Fundación Española para el Fomento de la Investigación de la [Esclerosis Lateral Amiotrófica \(FUNDELA\)](#) .

Antes do "baño xeadado", o presidente da AD Vincios, Vicente Pintos, animou a outras institucións deportivas a aceptar o reto e nomeou explicitamente ao **Oroso Tenis Mesa** (Oroso – A Coruña),

Tenis Mesa Ponte Porreiro

(Pontevedra),

Club Narón Tenis Mesa

(Narón – A Coruña) e o

Club Ala Nun'Álvarez de Gondomar Tennis Team

(Gondomar-Portugal).